

**A** análise deste apartado, baseado na información facilitada polo INE, o Instituto Galego de Consumo (IGC) e Funcas, está dividido en dous grandes bloques. Nunha primeira parte, estudarase a capacidade de compra das familias, salientando o incremento da capacidade de compra das familias galegas– a través de indicadores como a renda familiar bruta dispoñible–, e nun segundo bloque, comentarase a protección ó consumidor, tomando como indicadores o número de consultas presentadas no IGC e a actividade da Xunta Arbitral de Consumo.

O día 10 de novembro de 1997 aprobouse o Plan Estratéxico de Protección ó Consumidor 1998-2001, froito do acordo entre a administración central e as autonómicas. Entre os elementos novedosos, na articulación do plan quíxose contemplar aspectos como a obtención de alimentos mediante novas tecnoloxías, a introducción do euro ou a posición do consumidor nun mercado máis aberto e competitivo, tanto como adquirinte de bens e servicios como no que atinxe ós seus intereses diante de situacións como a liberali-

zación de servicios tradicionalmente públicos.

#### Renda familiar bruta dispoñible

A evolución do consumo privado está ligada basicamente á evolución da renda familiar dispoñible (RFBD), magnitude que indica o poder de compra das familias. Segundo os datos recollidos por Funcas, a RFBD en Galicia, **cadro 6.7.1.**, creceu un 6,98% en 1998 respecto ó ano anterior, fronte ó incremento de 7,25% en España. Se o poder de compra se mide a través da renda familiar per cápita, ésta aumenta en tódalas comunidades autónomas. Fronte ó aumento dun 6,97% respecto ó ano anterior en España, Galicia experimentou un crecemento do 7,31%.

Ó longo de 1998 Galicia, a pesares de estar por debaixo da media estatal, mellorou a súa posición relativa respecto a España e, en comparación coas outras comunidades autónomas, o **cadro 6.7.1.** reflicte que hai 9 comunidades por riba da media española: Aragón, Baleares, C. Valenciana, Castela e León, Cataluña, Madrid, Navarra, País Vasco e A Rioxa,

CADRO 6.7.1.

Renda familiar bruta dispoñible (poder de compra) nas CC.AA. 1997-98

|                  | RFBD (poder de compra)<br><i>(en millóns de pesetas)</i> |                   |             | Renda familiar (poder de compra) por habitante<br><i>(en pesetas)</i> |                  |             | Índice por habitante<br><i>(España=100)</i> |               |
|------------------|--|-------------------|-------------|---|------------------|-------------|---|---------------|
|                  | 1997   | 1998              | 98/97       | 1997  | 1998             | 98/97       | 1997  | 1998          |
| Andalucía        | 9.161.060  | 9.827.839         | 7,28        | 1.267.402   | 1.354.039        | 6,84        | 81,62                                       | 81,51         |
| Aragón           | 2.086.773  | 2.258.133         | 8,11        | 1.762.987   | 1.910.735        | 8,38        | 113,53                                      | 115,03        |
| Asturias         | 1.597.505  | 1.689.276         | 5,74        | 1.473.471   | 1.563.995        | 6,14        | 94,89                                       | 94,15         |
| Baleares         | 1.685.318  | 1.838.269         | 9,08        | 2.142.459   | 2.294.902        | 7,12        | 137,97                                      | 138,15        |
| Canarias         | 2.477.270  | 2.652.800         | 7,09        | 1.528.006   | 1.617.763        | 5,87        | 98,40                                       | 97,39         |
| Cantabria        | 808.667  | 869.533           | 7,53        | 1.533.364   | 1.651.356        | 7,69        | 98,74                                       | 99,41         |
| Castela-A Mancha | 2.410.793  | 2.580.131         | 7,02        | 1.404.668   | 1.500.289        | 6,81        | 90,46                                       | 90,32         |
| Castela e León   | 3.904.586  | 4.223.186         | 8,16        | 1.565.087   | 1.704.003        | 8,88        | 100,79                                      | 102,58        |
| Cataluña         | 10.598.858   | 11.343.094        | 7,02        | 1.725.813   | 1.842.911        | 6,79        | 111,14                                      | 110,94        |
| C. Valenciana    | 6.287.157  | 6.732.303         | 7,08        | 1.565.905   | 1.668.931        | 6,58        | 100,84                                      | 100,47        |
| Extremadura      | 1.447.045  | 1.546.291         | 6,86        | 1.352.584   | 1.446.351        | 6,93        | 87,10                                       | 87,07         |
| <b>Galicia</b>   | <b>3.960.990</b>   | <b>4.237.620</b>  | <b>6,98</b> | <b>1.450.463</b>  | <b>1.556.440</b> | <b>7,31</b> | <b>93,41</b>                                | <b>93,70</b>  |
| Madrid           | 8.839.976  | 9.460.793         | 7,02        | 1.742.168   | 1.854.876        | 6,47        | 112,19                                      | 111,66        |
| Murcia           | 1.515.415  | 1.630.271         | 7,58        | 1.365.839   | 1.456.793        | 6,66        | 87,96                                       | 87,70         |
| Navarra          | 868.929  | 939.656           | 8,14        | 1.644.780   | 1.771.619        | 7,71        | 105,92                                      | 106,65        |
| País Vasco       | 3.512.741  | 3.772.404         | 7,39        | 1.674.559   | 1.799.897        | 7,48        | 107,84                                      | 108,35        |
| A Ríoxa          | 478.374  | 512.479           | 7,13        | 1.811.145   | 1.944.803        | 7,38        | 116,63                                      | 117,08        |
| Ceuta            | 95.547   | 101.517           | 6,25        | 1.339.638   | 1.406.696        | 5,01        | 86,27                                       | 84,68         |
| Melilla          | 73.147   | 77.396            | 5,81        | 1.223.112   | 1.283.516        | 4,94        | 78,77                                       | 77,27         |
| <b>Total</b>     | <b>61.812.151</b>  | <b>66.292.991</b> | <b>7,25</b> | <b>1.552.854</b>  | <b>1.661.142</b> | <b>6,97</b> | <b>100,00</b>                               | <b>100,00</b> |

Fonte: Funcas

|                    | 1997           |                                   |                | 1998           |                                   |                | 98/97      |  |             |
|--------------------|----------------|-----------------------------------|----------------|----------------|-----------------------------------|----------------|------------|--|-------------|
|                    | Total          | Alimentos,<br>bebidas e<br>tabaco | Resto          | Total          | Alimentos,<br>bebidas e<br>tabaco | Resto          | Total      | Alimentos,<br>bebidas e<br>tabaco<br>(%) | Resto       |
| Andalucía          | 191.088        | 49.187                            | 141.901        | 202.147        | 44.723                            | 157.424        | 5,8        | -9,1                                     | 10,9        |
| Aragón             | 231.056        | 51.741                            | 179.316        | 249.008        | 57.940                            | 191.068        | 7,8        | 12,0                                     | 6,6         |
| Asturias           | 234.708        | 53.359                            | 181.348        | 254.379        | 54.065                            | 200.314        | 8,4        | 1,3                                      | 10,5        |
| Baleares           | 282.172        | 58.822                            | 223.350        | 242.950        | 45.435                            | 197.515        | -13,9      | -22,8                                    | -11,6       |
| Canarias           | 205.091        | 48.123                            | 156.969        | 218.472        | 54.642                            | 163.830        | 6,5        | 13,5                                     | 4,4         |
| Cantabria          | 221.626        | 53.668                            | 167.957        | 242.170        | 67.349                            | 174.821        | 9,3        | 25,5                                     | 4,1         |
| Castela e León     | 215.401        | 49.991                            | 165.410        | 221.701        | 52.771                            | 168.930        | 2,9        | 5,6                                      | 2,1         |
| Castela - A Mancha | 193.399        | 46.343                            | 147.057        | 189.936        | 49.101                            | 140.835        | -1,8       | 6,0                                      | -4,2        |
| Cataluña           | 253.084        | 58.112                            | 194.971        | 253.442        | 57.512                            | 195.930        | 0,1        | -1,0                                     | 0,5         |
| C. Valenciana      | 206.268        | 49.113                            | 157.155        | 219.793        | 47.746                            | 172.047        | 6,6        | -2,8                                     | 9,5         |
| Extremadura        | 175.535        | 41.746                            | 133.789        | 160.488        | 39.453                            | 121.035        | -8,6       | -5,5                                     | -9,5        |
| <b>Galicia</b>     | <b>196.255</b> | <b>50.504</b>                     | <b>145.751</b> | <b>212.660</b> | <b>51.999</b>                     | <b>160.661</b> | <b>8,4</b> | <b>3,0</b>                               | <b>10,2</b> |
| Madrid             | 289.236        | 52.294                            | 236.942        | 290.622        | 50.860                            | 239.762        | 0,5        | -2,7                                     | 1,2         |
| Murcia             | 182.344        | 45.084                            | 137.260        | 206.123        | 52.989                            | 153.134        | 13,0       | 17,5                                     | 11,6        |
| Navarra            | 266.367        | 52.750                            | 213.617        | 293.301        | 53.328                            | 239.973        | 10,1       | 1,1                                      | 12,3        |
| País Vasco         | 231.589        | 53.578                            | 178.011        | 258.923        | 55.793                            | 203.130        | 11,8       | 4,1                                      | 14,1        |
| Rioxa              | 222.241        | 58.615                            | 163.626        | 244.282        | 53.692                            | 190.590        | 9,9        | -8,4                                     | 16,5        |
| Ceuta e Melilla    | 210.064        | 53.053                            | 157.012        | 190.645        | 44.903                            | 145.742        | -9,2       | -15,4                                    | -7,2        |
| <b>Total</b>       | <b>224.441</b> | <b>51.389</b>                     | <b>173.052</b> | <b>232.654</b> | <b>51.173</b>                     | <b>181.481</b> | <b>3,7</b> | <b>-0,4</b>                              | <b>4,9</b>  |

(1) Os datos corresponden ó 4º trimestre de cada ano

Fonte: INE

CADRO 6.7.3.

**Consultas, reclamacións e denuncias presentadas en materia de consumo 1997-98**

|                               | 1997   | 1998   | 98/97<br>(%) |
|-------------------------------|--------|--------|--------------|
| <b>Consultas</b>              | 10.484 | 12.735 | 21,5         |
| <b>productos alimenticios</b> | 1.239  | 2.278  | 83,9         |
| <b>productos industriais</b>  | 2.867  | 4.279  | 49,3         |
| <b>sector servicios</b>       | 6.367  | 5.818  | -8,6         |
| <b>Reclamacións atendidas</b> | 1.835  | 2.973  | 62,0         |
| <b>Denuncias</b>              | 448    | 1.041  | 132,4        |

Fonte: Instituto Galego de Consumo

CADRO 6.7.4.

**Arbitraje de consumo 1997-98:  
solicitudes presentadas diante da Xunta Arbitral de Consumo**

|                  | Solicitudes presentadas           |                    |                         |       | Solicitudes admitidas | Solicitudes resoltas |           |       | Coantía media das reclamacións (en pesetas) |
|------------------|-----------------------------------|--------------------|-------------------------|-------|-----------------------|----------------------|-----------|-------|---|
|                  | polas asociacións de consumidores | polos consumidores | por organismos públicos | total |                       | por mediación        | por laudo | total |   |
| <b>1997</b>      | 47                                | 287                | 95                      | 429   | 421                   | 23                   | 314       | 365   | 34.690                                      |
| <b>1998</b>      | 61                                | 445                | 170                     | 682   | 676                   | 55                   | 406       | 453   | 142.988                                     |
| <b>98/97 (%)</b> | 29,8                              | 55,1               | 78,9                    | 59,0  | 60,6                  | 139,1                | 29,3      | 24,1  | 312,2                                       |

Fonte: Instituto Galego de Consumo

mentres que Galicia está en mellor situación que Andalucía, Castela A Mancha, Extremadura e Murcia, ademais de Ceuta e Melilla.

O gasto medio por persoa en Galicia no cuarto trimestre de 1998, segundo os datos do INE, foi de 212.660 pesetas, un 8,6% menos do gasto medio por persoa para o conxunto do estado. Tal e como amosa o **cadro 6.7.2.**, en termos absolutos, o gasto medio en Galicia só é superior ó rexistrado en Extremadura, Castela A Mancha, Ceuta e Melilla, Andalucía e Murcia. Non obstante, Galicia experimenta un crecemento superior á media española e é a sexta comunidade que máis crece, por detrás de Murcia, País Vasco, Navarra, A Rioxa e Cantabria.

Desas 212.660 pesetas, Galicia adica un 24,45% á compra de alimentos, bebidas e tabaco, eido no que é superada polas

comunidades autónomas de Cantabria (que adica un 27,81% do seu gasto medio por persoa), Canarias (25,01%), Castela A Mancha (25,85%), Murcia (25,71%) e Extremadura (cun 24,58%).

Protección ó consumidor

Os servicios do Instituto Galego de Consumo atenderon, ó longo de 1998, un total de 12.735 consultas ou solicitudes de información, das que a maior parte, 5.818, pertencen ó sector servicios, tal e como reflicte o **cadro 6.7.3.** Respecto ó ano anterior, aumentou o número de consultas nun 21,5%, por mor do importante aumento das consultas nos sectores de productos alimenticios e industriais, que compensa o leve descenso das consultas no ámbito dos servicios.

Os temas máis consultados polos consumidores galegos foron os relativos á

vivenda, con 1.421 consultas, seguidos dos produtos téxtiles e servizos de tintorería e lavandería, con 1.149; das actividades de talleres de reparación de vehículos (1.143) e electrodomésticos e servizos de reparación, con 1.072.

No concernte ó número de reclamacións atendidas, éstas ascenderon a 2.973, fronte ás 1.835 do ano anterior, en tanto que o número de denuncias foi de 1.041, un 132,4% máis que no ano anterior. O sector que máis reclamacións e denuncias recibiu foi o sector servizos, e dentro deste, o subsector dos téxtiles, con 397, automóviles, con 332 e servizos públicos de abastecemento, con 276.

Ó longo de 1998 aumentou a actividade dos colexios arbitrais dependentes da Xunta de Galicia. No ano 1998 figuraban adheridas ó sistema arbitral de consumo en Galicia 2.630 empresas, contando coa colaboración de 28 asociacións de consumidores e 52 asociacións empresariais.

Tal e como reflicte o **cadro 6.7.4.**, o número de solicitudes presentadas diante da Xunta Arbitral de Consumo ascendeu a 682, o que significa un aumento do 59% respecto ó ano anterior. O 65,25% do total de solicitudes foron presentadas polos consumidores, en tanto que os organismos públicos e as asociacións dos consumidores presentaron, respectivamente, o 24,93% e o 8,94%.

Ó longo de 1998, o 99,12% das solicitudes de arbitraje presentadas foron admitidas, fronte ó 98,13% do ano anterior. Un 67,01% das mesmas foron resoltas, fronte ó 86,70% das solicitudes admitidas no ano anterior. Ó igual que en 1997, os sectores máis significativos en canto a incidencia das reclamacións, dentro dos que voluntariamente se adheriron ó siste-

ma de arbitraje, foron a telefonía (o 26% das reclamacións), talleres de reparacións de automóviles, co 25% das reclamacións, e as tintorerías co 19%.

Finalmente, a cuantía media das reclamacións recibidas en 1998 foi de 142.988 pesetas, fronte ás 34.690 do ano anterior. ■



## Consideracións ó PANORAMA SOCIAL

D

a análise da evolución do panorama social da comunidade autónoma durante o ano 1998, poderían salientarse, entre outras, as seguintes consideracións:

- **1.-** Galicia conta, segundo a revisión do Padrón Municipal de 1 de xaneiro de 1998, con 2.724.544 habitantes, un 0,66% menos que en 1996. O descenso da poboación galega entre 1996 e 1998 é o segundo descenso máis acusado en España, trala caída dun 0,95% en Castela-León. Produciuse tamén un descenso do peso relativo da poboación galega no total español ó descender do 6,91% de 1996 ó 6,83% en 1998.

Neste ano continúa o proceso de concentración da poboación, de tal forma que o 69,1% dos galegos se concentra nas comarcas occidentais e costeiras, en tanto que as comarcas orientais e interiores acollen ó 30,9% deles. En 1996, estas porcentaxes eran do 68,9% e 31,1%, respectivamente. A concentración da poboación prodúcese tamén nos sete grandes nucleos de Galicia, que albergan ó 35,63% da poboación

en 1998 cando en 1996 esa porcentaxe era do 35,5%.

- **2.-** Un ano máis descende o número de alumnos e alumnas matriculados nos centros de ensino non universitario, cunha caída do 3,9% respecto ó curso anterior-. Este descenso é superior ó experimentado no conxunto do estado, onde a caída foi do 2,5%, e comparado coas outras comunidades autónomas, o descenso en Galicia só foi superado pola evolución negativa dos alumnos matriculados en Asturias (o seu número descende un 4,3% respecto ó curso anterior).

No caso da educación universitaria, o número de alumnos e alumnas matriculados foi de 98.528 no curso 1998-1999, un 1,4% superior ó correspondente ó curso anterior.

- **3.-** Os prezos medios da vivenda nova en Galicia aumentaron un 14,2% en 1998 respecto ó ano anterior, incremento superior ó crecemento dos ditos prezos no conxunto do estado, que foi dun 11,1%. No caso das vivendas usadas, Galicia

experimenta tamén un maior crecemento dos prezos en comparación co total estatal, sendo, respectivamente, de 6,9% e 6,3%. Galicia é a sétima comunidade autónoma onde, segundo a combinación dos datos de prezos e salarios medios, menos se tardaría en financiar unha vivenda.

- **4.-** En 1998 a superficie total afectada polo lume en Galicia foi de 48.117,77 hectáreas, un 73,67% máis que en 1997. O número total de incendios rexistrados ascendeu a 12.934 (un 10,1% inferior ó rexistrado o ano anterior). En comparación con España, Galicia rexistrou en 1997 o 64% do total dos lumes españois e o número de hectáreas queimadas en Galicia nese ano representou o 31,4% da superficie afectada polo lume en España.

- **5.-** Cabe salienta-la aprobación do Plan Estratéxico de Protección ós Consumidores 1998-2001. ■